

INFORMACIÓN RELACIONADA AS PROBAS ESCOLARES DE PISTA AIRE LIBRE:

Coa presente circular, pretendemos das mais información e reafirmar os obxectivos principais do noso proxecto, que contempla a participación nas competicións como un medio mais para alcanzar o principal obxectivo do noso Club: o desenvolvemento integral dos nosos pequenos atletas nun grupo san e con os valores do deporte .

Nas categorías escolares, o grande obxectivo para alcanzar esa variabilidade e o desenvolvemento multilateral é buscar a participación nas mais diferentes probas e xerar as mais diferentes experiencias, sen que para tanto sexa necesaria una preparación específica ou mesmo coñecer de todo os detalles de cada proba.

Polo tanto, buscamos que sexan capaces de completar de maneira adecuada as probas combinadas Alevín e Infantil, no segundo ano na categoría e para tanto insistimos na diversificación da participación en probas previas.

Outro punto principal e vinculante é a vontade de cada neno de probar cousas novas ou de repetir algunha proba que lle guste ou que queira mellorar algún aspecto técnico que non foi capaz de desenvolver de maneira adecuada en outras oportunidades!

Por outra parte, una base importante do Club é o grupo e os equipos, facendo con que un segundo obxectivo sexa a participación en grupo en cantas mais competicións se poida e nun segundo momento, a preparación dos atletas para competir na competición por Club onde é necesaria a participación de un atleta en cada una das diferentes probas do programa atlético de cada categoría.

Unido ao punto anterior, están as non menos importantes motivación e ganas de mellorar e, por que non, estar entre os mellores, que nos leva a ter como criterio a escolla de probas onde os atletas poidan avanzar para outras fases e clasificarse para participar en una competición mais.

Todos os criterios mencionados son valorados para CADA UN DOS ATLETAS, xunto coa información sobre o período da competición, os horarios das mesmas e se contrasta coa parte regulamentaria, que ten moitos matices, para ao final, escoller as probas que mellor se encaixan en cada competición.

Deixamos a seguir o detalle da normativa do deporte escolar.

NORMATIVAS CAMPIONATOS DE ATLETISMO EN PISTA XOGADE

SISTEMA DE COMPETICIÓN

Competición Individual

- Fases Comarcais, para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete (masculino e feminino)
- Campionato Provincial, para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil.
- Campionato Galego para a categoría infantil

FASES

Celebraranse como mínimo dúas xornadas previas á fase final provincial, nas que se programarán todas as probas indicadas no cadro anexo. No caso das probas combinadas realizarase un Campionato Provincial e un Campionato Galego sempre coincidindo en data cos campionatos de pista.

Nas fases previas ao provincial específicas para benxamín, alevín e infantil individual, autorízase a inclusión de probas e participación dos atletas cadetes, sempre que non provoque unha alteración no desenvolvemento da xornada.

PARTICIPANTES POR ENTIDADE

Cada entidade poderá participar nas primeiras fases co número de participantes que desexe, a excepción dos lanzamentos, saltos e carreiras de menos de 250 m, nos que o número máximo por entidade e proba será de 4. En casos de escasa participación, e de forma excepcional, os Servizos provinciais poderán autorizar a participación de máis atletas por proba e entidade, sempre que non se interrompa o normal desenrolo da competición.

A participación nas fases provinciais e galegas queda supeditada á normativa propia de cada Campionato.

PARTICIPACIÓNS MÁXIMAS

Benxamín e Alevín: Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas. No caso de ser carreiras, somentes unha poderá superar os 250m.

Infantil e Cadete: Cada atleta poderá participar como máximo en tres probas das que compoñen o programa, respectando sempre a seguinte norma: 3 concursos, 1 concurso e 2 carreiras, ou 2 concursos e 1 carreira. No caso de participar en 2 carreiras, somentes unha poderá superar os 250m.

Os participantes en Triatlón (alevín) e os participantes en Tetratlón (Infantil) non poderán participar na mesma xornada noutra proba do programa individual

CLASIFICACIÓNS

- **Para o Campionato Provincial:** Para as categorías Benxamín, Alevín, Infantil (masculino e feminino), clasificaranse as 16 mellores marcas da totalidade de probas realizadas nas fases previas. Se algún ou algunha atleta non puidera participar en ningunha das fases previas por motivos de enfermidade, lesión, etc, será potestade do Servizo Provincial correspondente a súa admisión na fase provincial, previa proposta razoada da Federación Galega ou Delegación Federativa correspondente.

- **Para o Campionato Galego:** Para as categorías Infantil (masculino e feminino), clasificaranse os 3 primeiros atletas de cada proba do Campionato Provincial, así como os/as 4 mellores marcas galegas realizadas exclusivamente en probas escolares do calendario da Secretaría Xeral para o Deporte, unha vez quitados os/as atletas clasificados entre os 3 primeiros de cada provincia. A clasificación dos/das atletas no seu Campionato Provincial será vinculante para a

súa participación no Campionato Galego, de xeito que si se clasifican entre os 3 primeiros da súa provincia nunha proba do programa, non poderán cambiala por outra na que puidesen estar entre as mellores marcas.

En casos excepcionais a Secretaría Xeral para o Deporte poderá permitir a participación dalgún atleta que non estivera presente no seu Campionato Provincial, previa proposta razoada da Federación Galega de Atletismo. Nas carreiras por rúas celebrarase semi-final e final, clasificándose para a final segundo o artigo 166.2 da Regulamentación Internacional de Atletismo

SISTEMA DE COMPETICIÓN DO CAMPIONATO DE PROBAS COMBINADAS.

FASES

ALEVÍN: Campionato Provincial

INFANTIL: Campionato Provincial e Campionato Galego.

CLASIFICACIÓN

Para o Campionato Provincial das categorías alevín e infantil a inscrición é aberta, sen clasificación previa. No suposto caso de que nalgunha provincia se prevea unha masiva participación esta limitarase a un número determinado de participantes por colexio e club.

Para o Campionato Galego da categoría infantil clasificaranse os 3 primeiros atletas dos Campionatos Provinciais de Probas Combinadas e as 4 mellores marcas en función dunha táboa de puntuación que será facilitada previamente pola Federación Galega de Atletismo.

En casos excepcionais a Secretaria Xeral para o Deporte poderá permitir a participación dalgún atleta que non estivese presente no seu Campionato Provincial, previa proposta razoada da Federación Galega de Atletismo.

DATAS

CAMPIONATO PROVINCIAL.

CAMPIONATO GALEGO

Polo de agora sen determinar(normalmente nos meses de maio-xuño).